

**INSTITUTO TECNOLÓGICO PARA O CONTROL
DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)**

Informe de auditoría independente e
contas anuais
ao 31 de decembro de 2025

INFORME DE AUDITORÍA PÚBLICA DE CONTAS DO INSTITUTO TECNOLÓGICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

Ao Consello de Administración do **INSTITUTO TECNOLÓGICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (en diante, INTECMAR)**, por encargo da Directora da entidade:

I. Opinión con salvidades

Audítamos, dacordo coas Normas de Auditoría do Sector Público, as contas anuais do **INSTITUTO TECNOLÓGICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)**, que comprenden o balance de situación ao 31 de decembro de 2025, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio rematado na devandita data.

Na nosa opinión, agás polos posibles efectos do feito descrito no parágrafo de "*Fundamento da opinión con salvidades*" do noso informe, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira do **INTECMAR** ao 31 de decembro de 2025, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

II. Fundamento da opinión con salvidades

Tal e como se indica nas notas 8.2 e 10.2 da memoria, a Entidade recibiu determinados bens en adscrición que no momento da entrega non foron valorados nin rexistrados por parte da Entidade. Debido a que non dispuxemos dunha valoración por expertos independentes, descoñecemos o valor polo que deberían rexistrarse ditos bens, polo que non podemos determinar en qué importe os epígrafes de Inmovilizado e Fondos Propios se atopan infravalorados. O noso informe de auditoría sobre as contas anuais do exercicio 2024 incluíu unha salvidade por este asunto.

Realizamos a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixentes para o Sector Público en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describíense mais adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da entidade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría de contas anuais para o Sector Público en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector Público. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin ocorreron situacións ou circunstancias que, dacordo co establecido na devandita normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que esta se vise comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión con salvidades.

III. Cuestións crave da auditoría

As cuestións crave da auditoría son aquelas cuestións que, segundo o noso xuízo profesional, foron de maior significatividade na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estas cuestións foron tratadas no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión de auditoría sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre as devanditas cuestións.

Agás por a cuestión descrita na sección *Fundamento da opinión con salvidades*, determinamos que non existen outras cuestións craves na auditoría que deben ser comunicadas no noso informe.

IV. Outra información: informe de xestión

A outra información comprende exclusivamente o informe de xestión do exercicio 2025, sendo a súa formulación responsabilidade dos administradores da entidade e non forma parte integrante as contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non comprende o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia do informe de xestión coas contas anuais, a partires do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das devanditas contas, así como avaliar e informar de se o contido e a presentación do informe de xestión son conforme á normativa que resulta de aplicación. Se baseándonos no traballo realizado, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informalo.

Sobre a base do traballo realizado, e segundo o descrito no parágrafo anterior, salvo pola limitación ao alcance descrita no parágrafo seguinte, a información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2025 e o seu contido e presentación son conformes coa normativa que resulta de aplicación.

Como se describe na sección *Fundamento da opinión con salvidades*, a Entidade recibiu determinados bens en adscrición que no momento da entrega non foron valorados nin rexistrados por parte da Entidade. Debido a que non dispuxemos dunha valoración por expertos independentes, descoñecemos o valor polo que deberían rexistrarse ditos bens, polo que non podemos determinar en qué importe os epígrafes de Inmobilizado e Fondos Propios se atopan infravalorados. En consecuencia, non puidemos alcanzar unha conclusión sobre si existe unha incorrección material no informe de xestión en relación con dita cuestión.

V. Responsabilidade da Directora Xeral do INTECMAR en relación coas contas anuais

A Directora do INTECMAR é responsable de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e de control interno que considere necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, a Directora é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento salvo que se teña a intención ou a obrigação legal de liquidar a entidade ou cesar as súas operacións ou ben non exista outra alternativa realista.

VI. Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que conteña a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grao de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas para o Sector Público vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro, e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que influan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas para o Sector Público en España, que en ningún caso poderá ser entendida coma unha auditoría de contas de acordo coa normativa reguladora da actividade de contas en vigor en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder a ditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.

- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluimos sobre si é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre si existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poidan xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe una incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, si as devanditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos coa Directora Xeral da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría. Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación á directora da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

Crowe Auditores España, S.L.P. (Nº de ROAC: S1866)



Marisol Sánchez González (Nº de ROAC: 20021)

24 de marzo de 2026

Contas anuais do exercicio 2025 xunto co Informe de Auditoría

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

Marzo de 2026

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)

Peirao de Vilaxoán, s/n. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

T. 986 512 320 – Mail: intecmar@intecmar.gal

Web: www.intecmar.gal



INDICE

	Páxinas
Informe de Auditoría	
Balance de situación.....	1
Conta do Resultado Económico-Patrimonial	4
Estado de Liquidación do Orzamento	7
Memoria	11
1.- Organización e bases de representación	12
2.- Distribución do Resultado	25
3.- Estado operativo	25
4.- Información de carácter financeiro	26
4.1.- Cadro de financiamento	26
4.2.- Remanente de tesouraría	27
4.3.- Tesouraría	29
5.- Información sobre a execución do gasto público	31
5.1.- Modificacións do crédito	31
5.2.- Remanentes de crédito	34
5.3.- Clasificación funcional do gasto	36
5.4.- Execución de proxectos de inversión	36
5.5.- Contratación administrativa	36
5.6.- Transferencias e subvencións concedidas	38
5.7.- Convenios	38
5.8.- Persoal	39
5.9.- Acredores por operacións pendentes de aplicar ao Orzamento	41
5.10.- Anticipos de Tesouraría	42
5.11.- Obrigas de orzamentos pechados	42
5.12.- Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios	42
posterioros	
6.- Información sobre a execución do ingreso público	42
6.1.- Proceso de xestión	42
6.2.- Devolucións de ingresos	44
6.3.- Transferencias e subvencións recibidas	44
6.4.- Taxas, prezos públicos e prezos privados e outros ingresos	45
6.5.- Aplicación do remanente de tesouraría	46
6.6.- Dereitos a cobrar de orzamentos pechados	47
6.7.- Dereitos orz. pendentes de cobro segundo o seu grado de	47
esixibilidade	



	Páxinas
6.8.- <i>Desenvolvemento dos compromisos de ingreso</i>	48
6.9.- <i>Compromisos de ingreso con cargo a orz. de exercicios posteriores</i>	48
7.- <i>Gastos con financiamento afectada</i>	48
8.- <i>Información sobre el inmovilizado no financeiro</i>	49
8.1.- <i>Inmovilizado inmaterial</i>	49
8.2.- <i>Inmovilizado material</i>	51
8.3.- <i>Inversións xestionadas para outros entes públicos</i>	53
8.4.- <i>Inversión destinada ao uso xeral</i>	53
9.- <i>Debedores e acredores non orzamentarios</i>	54
9.1.- <i>Debedores non orzamentarios</i>	54
9.2.- <i>Acredores non orzamentarios</i>	54
9.3.- <i>Inversións financeiras temporais</i>	54
10.- <i>Fondos propios</i>	54
10.1.- <i>Patrimonio recibido en adscrición</i>	55
10.2.- <i>Patrimonio recibido en cesión</i>	56
11.- <i>Situación fiscal</i>	57
11.1.- <i>Imposto sobre beneficios</i>	57
11.2.- <i>Imposto sobre valor engadido</i>	57
11.3.- <i>Impostos abertos a inspección</i>	57
12.- <i>Outra Información</i>	58
12.1.- <i>Orzamentos iniciais aprobados para o exercicio 2016</i>	58
12.2.- <i>Acredores por gastos do exercicio con volume de operacións</i>	58
relevante 12.3.- <i>Avaes</i>	58
12.4.- <i>Outra información</i>	58
12.5.- <i>Feitos posteriores</i>	59
12.6.- <i>Información sobre los aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición Adicional Tercera. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de Xulio</i>	59
12.7.- <i>Información sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro</i>	60
ANEXO: INFORMACIÓN DE XESTIÓN	61



Balance de Situación

Ao 31 de decembro de 2025



INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

BALANCE DE SITUACIÓN AO 31 DE DECEMBRO DE 2025

ACTIVO

Nº CONTAS	ACTIVO	31/12/2025	31/12/2024
	A) INMOBILIZADO	2. 928. 458, 29	2. 833. 962, 23
	II. Inmobi lizaci óns inmateriais	155. 309, 16	62. 834, 15
210	1. Gastos de investigación e desenvolvemento	310. 820, 07	437. 421, 75
215	3. Aplicaci óns informáticas	658. 665, 18	543. 892, 07
(281)	7. Amortizaci óns	-814. 176, 09	-918. 479, 67
	III Inmobi lizaci óns materiais	2. 773. 149, 13	2. 771. 128, 08
220, 221	1. Terreos e construcci óns	3. 648. 157, 00	3. 648. 157, 00
223, 224	2. Instalaci óns técnicas, maquinaria e ferramentas	5. 151. 293, 98	4. 705. 595, 14
226	3. Mobiliario	399. 311, 52	399. 311, 52
227, 228, 229	4. Outro inmobi lizado	1. 128. 100, 53	1. 123. 703, 81
(282)	5. Amortizaci óns	-7. 553. 713, 90	-7. 105. 639, 39
	C) ACTIVO CIRCULANTE	3. 158. 359, 75	2. 842. 232, 31
	II. Debedores	3. 124. 808, 94	2. 802. 368, 37
43	1. Debedores orzamentarios	3. 161. 218, 51	2. 838. 777, 94
(490)	6. Provisi óns	-36. 409, 57	-36. 409, 57
	III Inuestimentos financeiros temporais	3. 000, 00	3. 750, 00
542, 543, 544,	2. Outros inuestimentos e créditos a curto prazo	0, 00	750, 00
545, 547, 548	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	3. 000, 00	3. 000, 00
565, 566	IV. Tesourería	30. 550, 81	36. 113, 94
57			
	TOTAL XERAL (A+B+C)	6. 086. 818, 04	5. 676. 194, 54



INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

BALANCE DE SITUACIÓN AO 31 DE DECEMBRO DE 2025

PASIVO

Nº CONTAS	PASIVO	31/12/2025	31/12/2024
	A) FONDOS PROPIOS	5. 637. 345, 41	5. 435. 894, 59
	I. Patrimonio	5. 421. 394, 59	4. 937. 043, 58
100	1. Patrimonio	4. 890. 624, 59	4. 406. 273, 58
101	2. Patrimonio recibido en adscripción	515. 270, 00	515. 270, 00
103	3. Patrimonio recibido en cesión	15. 500, 00	15. 500, 00
	III. Resultados de ejercicios anteriores	14. 500, 00	14. 500, 00
120	1. Resultados positivos de ejercicios anteriores	14. 500, 00	14. 500, 00
129	IV. Resultado do exercicio	201. 450, 82	484. 351, 01
	D) ACREDITORES A CURTO PRAZO	449. 472, 63	240. 299, 95
	III. Acredores	449. 472, 63	240. 299, 95
40	1. Acredores orzamentarios	234. 494, 63	93. 933, 43
41	2. Acredores non orzamentarios	31. 140, 28	0, 00
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	183. 837, 72	146. 366, 52
	TOTAL XERAL (A+B+C+E)	6. 086. 818, 04	5. 676. 194, 54



Conta do Resultado Económico-Patrimonial

Exercicio 2025



INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL EXERCICIO 2025

GASTOS

Nº CONTAS	DEBE	31/12/2025	31/12/2024
	A) GASTOS	4. 509. 971, 00	4. 457. 947, 50
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	4. 509. 971, 00	4. 457. 947, 50
	a) Gastos de persoal:	2. 620. 070, 31	2. 463. 188, 64
640, 641	a. 1) Soldos, salarios e asimilados	2. 121. 394, 59	2. 002. 083, 67
642, 644	a. 2) Cargas sociais	498. 675, 72	461. 104, 97
68	c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	470. 372, 61	455. 324, 94
	d) Variación de provisións de tráfico:	0, 00	0, 00
	d. 2) Variación de provisións e perdas de créditos incobrables	0, 00	0, 00
	e) Outros gastos de xestión:	1. 419. 528, 08	1. 539. 433, 92
62	e. 1) Servizos exteriores	1. 418. 369, 34	1. 538. 534, 07
63	e. 2) Tributos	1. 158, 74	899, 85
	AFORRO	201. 450, 82	484. 351, 01



INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO (INTECMAR)

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL EXERCICIO 2025

INGRESOS

Nº CONTAS	HABER	31/12/2025	31/12/2024
	B) INGRESOS	4. 711. 421, 82	4. 942. 298, 51
	1. Ingresos de xestión ordinaria	32. 897, 63	43. 865, 53
740	a) Ingresos tributarios	32. 897, 63	43. 865, 53
	a.8) Tasas por prestación de servizos ou realización de actividades	32. 897, 63	43. 865, 53
	2. Outros ingresos de xestión ordinaria	48. 746, 45	63. 446, 10
777	c) Outros ingresos de xestión	45. 973, 92	58. 365, 98
	c.1) Ingresos accesorios e outros ingresos de xestión corrente	45. 973, 92	58. 365, 98
763, 765, 769	f) Outros xuros e ingresos asimilados	2. 772, 53	5. 080, 12
	f.1) Outros xuros	2. 772, 53	5. 080, 12
	3. Transferencias e subvencións	4. 629. 777, 74	4. 834. 986, 88
750	a) Transferencias correntes	3. 452. 953, 00	3. 412. 863, 68
755	c) Transferencias de capital	1. 176. 824, 74	1. 422. 123, 20
	DESAFORRO	--	--



Estados de Liquidación do Orzamento

Exercicio 2025

Documento asinado electrónicamente o 24/03/2026 09:56
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Directora do INTECMAR

CVE: 8592b6d6-808e-47f0-97aa-b68386c0a5bf



INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

EXERCICIO 2025

I. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Clas. Econ.	DESCRIPCIÓN	CREDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	REMANENTES DO CREDITO	PAGAMENTOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO AO 31 DE DECEMBRO
		INICIAIS	MODIFICAC.	DEFINITIV.					
		(1)	(2)	(3)=(1)+(2)	(4)	(5)	(6)=(3)-(5)	(7)	(8)=(5)-(7)
100	Saldos e salarios. Altos cargos	66.122,00	0,00	66.122,00	68.459,12	68.459,12	-2.337,12	68.459,12	0,00
130	Saldos e salarios. Persoal laboral fixo	1.919.019,00	0,00	1.919.019,00	1.953.520,60	1.953.520,60	-34.501,60	1.953.520,60	0,00
131	Saldos e salarios. Persoal laboral temporal	83.665,00	0,00	83.665,00	82.372,48	82.372,48	1.292,52	82.372,48	0,00
133	Saldos e salarios. Recuperación paga extraordinaria	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
160	Seguridade Social	650.886,00	0,00	650.886,00	498.675,72	498.675,72	152.210,28	498.675,72	0,00
162	Fondo acción social	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
170	Fondo de recuperación retributiva	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
180	Incremento retributivo Ley 1/2017	75.108,00	0,00	75.108,00	17.042,39	17.042,39	58.065,61	17.042,39	0,00
	CAPÍTULO I: GASTOS PERSOAL	2.794.800,00	0,00	2.794.800,00	2.620.070,31	2.620.070,31	174.729,69	2.620.070,31	0,00
21.	Reparación, mantemento e conservación	17.528,00	0,00	17.528,00	17.743,58	17.288,05	239,95	16.301,72	986,33
220	Material oficina	10.323,00	0,00	10.323,00	10.028,70	8.745,23	1.577,77	8.566,08	179,15
221	Subministracións	238.315,00	0,00	238.315,00	225.776,38	179.138,13	59.176,87	176.931,71	2.206,42
222	Teléfono e mensaxería	16.550,00	0,00	16.550,00	10.875,49	10.426,64	6.123,36	9.372,26	1.054,38
223	Transportes	5.578,00	0,00	5.578,00	3.578,13	3.190,20	2.387,80	3.190,20	0,00
224	Primas de seguros	16.810,00	0,00	16.810,00	17.127,30	17.127,30	-317,30	17.127,30	0,00
225	Tributos	1.502,00	0,00	1.502,00	1.158,74	1.158,74	343,26	1.158,74	0,00
226	Gastos diversos	10.616,00	0,00	10.616,00	6.000,00	6.000,00	4.616,00	6.000,00	0,00
227	Traballos realizados por outras empresas	426.907,00	0,00	426.907,00	379.443,62	364.618,29	62.288,71	342.667,56	21.950,73
230	Axudas de custo e locomoción	1.189,00	0,00	1.189,00	6.601,07	6.601,07	-5.412,07	6.601,07	0,00
	CAPÍTULO II: OUTROS GASTOS EXPLOTACIÓN	745.318,00	0,00	745.318,00	678.333,01	614.293,65	131.024,35	587.916,64	26.377,01
623	Maquinaria, instalacións e utensilios	286.247,00	0,00	286.247,00	303.987,97	303.987,97	-17.740,97	303.987,97	0,00
625	Adquisicións mobiliario e utensilios	4.840,00	0,00	4.840,00	3.722,87	3.722,87	1.117,13	3.722,87	0,00
626	Equipos para procesos de información	20.231,00	0,00	20.231,00	20.352,82	20.352,82	-121,82	20.352,82	0,00
628	Adquisición materiais de laboratorio	84.074,00	0,00	84.074,00	75.560,13	75.560,13	8.513,87	75.560,13	0,00
632	Reformas e reparacións-Edificios e construcións	103.350,00	0,00	103.350,00	91.997,09	91.997,09	11.352,91	91.997,09	0,00
633	Maquinaria, instalacións e utensilios de reposición	279.227,00	0,00	279.227,00	237.213,62	226.121,14	53.105,86	226.121,14	0,00
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.024.729,00	24.199,06	1.048.928,06	607.007,28	461.471,63	587.456,43	461.471,63	0,00
	CAPÍTULO VI: GASTOS DE CAPITAL	1.802.698,00	24.199,06	1.826.897,06	1.339.841,78	1.183.213,65	643.683,41	1.183.213,65	0,00
	TOTAL	5.342.816,00	24.199,06	5.367.015,06	4.638.245,10	4.417.577,61	949.437,45	4.391.200,60	26.377,01



INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

EXERCICIO 2025

II. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Cuenta	DESCRIPCIÓN	PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS			DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓN NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRO AO 31 DE DECEMBRO
		INICIAIS	MODIFICAC.	DEFINITIV.			
		(1)	(2)	(3) = (1) + (2)	(4)	(5)	(6) = (4) - (5)
(740.)	Taxas para a prestación de servizos	38.250,00	0,00	38.250,00	32.897,63	31.875,58	1.022,05
(777.)	Outros ingresos	44.650,00	0,00	44.650,00	45.973,92	45.973,92	0,00
	CAPÍTULO III TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	82.900,00	0,00	82.900,00	78.871,55	77.849,50	1.022,05
(750.)	Transferencias correntes	3.452.953,00	0,00	3.452.953,00	3.452.953,00	1.438.730,40	2.014.222,60
(751.)	Subvencións correntes	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAPÍTULO IV TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.452.953,00	0,00	3.452.953,00	3.452.953,00	1.438.730,40	2.014.222,60
(769.)	Outros ingresos financeiros	4.265,00	0,00	4.265,00	2.772,53	2.772,53	0,00
	CAPÍTULO V INGRESOS PATRIMONIAIS	4.265,00	0,00	4.265,00	2.772,53	2.772,53	0,00
(755.)	Transferencias de capital	1.802.698,00	24.199,06	1.826.897,06	1.176.824,74	67.260,45	1.109.564,29
	CAPÍTULO VI TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.802.698,00	24.199,06	1.826.897,06	1.176.824,74	67.260,45	1.109.564,29
(100.)	Remanente tesorería exercicio anterior (afectado)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	CAPÍTULO VII REMANENTE DE TESORERÍA	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL	5.342.816,00	24.199,06	5.367.015,06	4.711.421,82	1.586.612,88	3.124.808,94



INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

EXERCICIO 2025

III. RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	IMPORTES
1. (+) Operacións non financeiras	4.711.421,82	4.417.577,61	293.844,21
2. (+) Operacións con activos financeiros	0,00	0,00	0,00
3. (+) Operacións comerciais (*)	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)			293.844,21
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCIEROS			0,00
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)			293.844,21
4. (+) Créditos gastados financiados con remanente de tesorería			0,00
IV. SUPERÁVIT OU DÉFICIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO (III+4)			293.844,21

(*) Só para entes que realicen operacións de carácter industrial ou comercial.



Memoria das Contas Anuais

Do exercicio rematado o 31 de decembro de 2025

Documento asinado electrónicamente o 24/03/2026 09:56
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Directora do INTECMAR

CVE: 8592b6d6-808e-47f0-97aa-b68386c0a5bf



MEMORIA DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2025

NOTA 1.- Organización e bases de presentación

a) Constitución, funcións e actividade

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) foi creado pola Lei 3/2004, de 7 de xuño (DOG 116, 17 de xuño de 2004), como un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins.

Está adscrito á Consellería do Mar da Xunta de Galicia e someterá a súa actividade ao dereito privado salvo cando exercite potestades administrativas ou nos casos establecidos na súa lei de creación ou noutras disposicións legais.

O seu regulamento foi aprobado polo Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG 49, 11 de marzo de 2005).

Posteriormente, a *Lei 16/2010 do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia*, converte ao INTECMAR nunha Axencia Pública Autonómica, con efectos do 1 de xaneiro de 2012. O INTECMAR pasará a ter a condición de axencia pública autonómica (adscrita á Consellería do Mar) das previstas na Sección 3ª do Capítulo II do Título III da referida *Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia*, que para o cumprimento de programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ten encomendada a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos, e a súa actuación se vinculará ao principio e aos mecanismos de xestión transparente por obxectivos que consistirá nun contrato plurianual de xestión, nun plan de acción anual, nun informe de actividade e nas Contas Anuais.



Na Disposición transitoria terceira da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeneral e do sector público autonómico de Galicia, sinálase que as normas de organización e funcionamento e os estatutos do INTECMAR teranse que adaptar ao disposto nesta lei para as Axencias Públicas Autonómicas, por proposta conxunta dos titulares das consellarías competentes en materia de administración pública e de facenda. As entidades instrumentais (como INTECMAR) creadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 16/2010, que foi o 1 de xaneiro de 2011, continuarán rexéndose pola súa normativa específica namentres non se proceda a adaptar a súa regulación ás determinacións contidas no título III desta lei. Dita adaptación realizarase mediante decreto da Xunta de Galicia no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Á data de formulación das presentes Contas Anuais o funcionamento do Instituto xa se adaptou á meirande parte das esixencias da Lei 16/2010 para as Axencias Públicas Autonómicas, quedando pendente so a adaptación dos estatutos do INTECMAR.

O 17 de decembro de 2024, asinouse a resolución pola que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar iniciou a tramitación do "Anteproxecto de decreto polo que se crea a Axencia Pública Autonómica para o Control do Medio Mariño de Galicia e se aproban os seus estatutos".

O expediente conta cos seguintes informes:

- Observacións á análise de impacto demográfico, emitido pola dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Informe de impacto de xénero, emitido pola dirección xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Informe emitido pola dirección xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Informe emitido pola dirección xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.
- Informe de sostibilidade, emitido pola dirección xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública

O texto foi sometido a exposición pública e trasladado aos representantes do persoal. Na data da elaboración desta memoria está pendente de emisión o informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, solicitado o 2 de outubro de 2025.

O seu domicilio atópase no Peirao de Vilaxoán, s/n, en Vilagarcía de Arousa-Pontevedra, iniciando a súa actividade o día 1 de maio de 2005.



Segundo se desenvolve na súa lei de creación e no seu regulamento, o Instituto presenta:

- Artigo 10. Réxime orzamentario, contable e financeiro: axústase ao disposto na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Artigo 12. Réxime tributario: o Instituto queda sometido ao mesmo réxime tributario que lle corresponde á Xunta de Galicia.
- Artigo 13. Réxime de persoal: o INTECMAR estará integrado polo persoal contratado en réxime de dereito laboral, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias, que indican referencias para persoal funcionario e para o persoal laboral fixo ou temporal. Establécese así mesmo que, a relación laboral do persoal contratado polo Instituto se rexerá por convenio colectivo propio do ente público, aplicándose por adhesión o Convenio Colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia mentres non exista.

O INTECMAR é o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma.

O obxectivo xeral do INTECMAR é:

- desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal á lexislación vixente en canto á produción de moluscos e outros organismos mariños,
- contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseada en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria,
- desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e
- protexer e mellorar a calidade das augas.

Segundo se indica no artigo 3 da Lei 3/2004, de creación do INTECMAR, dentro da competencia da Administración Autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, corresponden ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, entre outras, as seguintes potestades administrativas:



- a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos como ás zonas de produción.
- b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos a explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- c) Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
- d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.
- e) O cumprimento dos programas de control do medio mariño que, no ámbito das funcións que establece a presente lei, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
- f) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma, poidan atribuírselle pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

Corresponderá ao instituto, ademais das potestades administrativas establecidas nos parágrafos anteriores, entre outras, as actividades de asesoría técnico-científica para o coñecemento das características da pesca, o marisqueo e a acuicultura, a elaboración de informes relativos ás funcións dos puntos a) ao c) e propor á Consellería do Mar as modificacións lexislativas necesarias para adaptar a lexislación autonómica ás novas normativas que ditén, así como os cambios necesarios para dar cobertura legal ás novas esixencias que o sistema de control estableza como necesarias.

Ademais das potestades administrativas e actividades descritas anteriormente, INTECMAR poderá realizar toda clase de actividades económicas e financeiras, sen máis limitación que a disposta na súa lei de creación e nas disposicións que lle sexan de aplicación. En particular, poderá conceder subvencións, prestar toda clase de



servizos e executar obras, obrigarse, interpor os recursos e exercer as accións previstas polas leis. Así mesmo, poderá establecer as correspondentes relacións de colaboración con institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades relacionadas coas súas actividades.

Recentemente, a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia nos artigos 12.5 e 64.3, atribúe competencias ao INTECMAR tanto no control da calidade do medio mariño como, en particular, o control do cumprimento dos obxectivos ambientais. Con posterioridade, a disposición adicional quinta da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, atribúe competencias ao INTECMAR en relación aos informes de compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais.

Os órganos reitores do Instituto son:

- a) Consello de Administración
- b) Presidenta do Consello de Administración
- c) Director/a

A ESTRUCTURA do INTECMAR, obtida do Cadro de Persoal aprobado polo seu Consello de Administración, é a seguinte:

- Director/a
- Subdirector/a
- Xerencia
- Unidade de Xestión da Calidade
- Unidade de Integración de Equipos Analíticos e Apoio aos Laboratorios
- Unidade de Documentación e Apoio Científico
- Unidade de Modelado Oceanográfico
- Unidade de Mostraxe e Ecofisioloxía
- Unidade de Microbioloxía e Viroloxía
- Unidade de Patoloxía
- Unidade de Oceanografía e Fitoplancto
- Unidade de Bioxeoquímica Mariña
- Unidade de Biotoxinas
- Unidade de Metais Pesados
- Unidade de Organoclorados
- Unidade de Hidrocarburos

b) Enumeración das entidades vinculadas ao suxeito contable



O Instituto non posúe participacións en ningún organismo autónomo, entidade pública sometida ao dereito privado, entidade pública con estatuto xurídico especial nin sociedades mercantís ou de outro tipo.

c) Bases de presentación das Contas Anuais

Imaxe fiel

As Contas Anuais do exercicio 2025 adxuntas foron formuladas pola Directora do Instituto e someteranse á consideración do Consello de Administración para a súa aprobación. Foron preparadas a partir dos rexistros contables do Instituto e preséntanse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aprobado por Orde da Consellería de Economía e Facenda de 28 de novembro de 2001 (DOG 239 de 12 de decembro de 2001), de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento do Instituto.

Non figuran partidas ás que non corresponde importe algún no exercicio nin no precedente.

A Directora do Instituto estima que as Contas Anuais do exercicio 2025 serán aprobadas polo Consello de Administración sen variacións significativas.

Principios contables aplicados

Para a elaboración das Contas Anuais foron seguidos os principios contables establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, aplicando as normas de valoración que os desenvolven e que se detallan no apartado e) da presente nota da Memoria.

Comparación da información

As adxuntas Contas Anuais preséntanse sobre a base dos principios contables esixidos pola lexislación aplicable en vigor e, polo tanto, preséntanse comparativamente coas do exercicio anterior as cifras do balance de situación, da conta do resultado económico-patrimonial e do cadro de financiamento.

d) Clasificacións en estados de orzamentos

As clasificacións efectuadas para a presentación do Estado de Liquidación do orzamento, así como para o resto de estados e informes orzamentarios incorporados na Memoria, débense a:

- Clasificación orgánica



INTECMAR é un ente con personalidade xurídica propia, que non presenta unha clasificación orgánica con órganos independentes na súa xestión. Así, a clasificación orgánica de INTECMAR é o propio centro como un único órgano e, polo tanto, non se confecciona un estado de liquidación do orzamento de gastos por clasificación orgánica (sería o total da execución do orzamento confeccionado).

▪ **Clasificación funcional por programas**

O Instituto non dispón dunha clasificación funcional por programas, entendendo que a súa actividade é única. Por tanto, non se confecciona un estado de liquidación do orzamento de gastos por clasificación funcional por programas.

▪ **Clasificación económica**

A entidade utilizou a clasificación económica autorizada pola Xunta de Galicia (Consellería de Facenda), adecuada á súa xestión e actividade.

e) Normas de valoración

As principais normas de valoración utilizadas polo Instituto na elaboración das Contas Anuais do exercicio 2025, de acordo co establecido polo Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, foron as seguintes:

e.1.) Inmobilizacións inmateriais

Os diversos elementos comprendidos no inmovilizado inmaterial valóranse polo seu prezo de adquisición ou o seu custo de produción; aplícanse os criterios establecidos para o inmovilizado material tanto polo que respecta á dotación de amortizacións como de provisións, sen prexuízo do sinalado nas normas seguintes con respecto aos bens e dereitos que a continuación se indican:

Aplicacións informáticas:

Incluíranse no activo os programas de ordenador, tanto os adquiridos a terceiros como os elaborados pola propia entidade, utilizando os medios propios de que dispoña e unicamente nos casos en que estea prevista a súa utilización en varios exercicios. En ningún caso figuran no activo os gastos de mantemento da aplicación informática.

Gastos de Investigación e Desenvolvemento

Contabilízanse polo seu custo de compra ou polos incorridos na súa adquisición. No exercicio 2025 a entidade activou como gastos de



investigación e desenvolvemento determinados gastos acometidos polo Instituto na execución de programas e actividades da partida orzamentaria do capítulo VI (ver nota 8.1 da Memoria) dada a finalidade dos mesmos relacionada co I+D+i. Foron activados ditos custos relativos ás actividades de

- ✓ Control da contaminación química do medio mariño
- ✓ Control oceanografía e fitoplancto
- ✓ Control das biotoxinas mariñas
- ✓ Control bioxeoquímica mariña
- ✓ Loita contra a contaminación
- ✓ Control patoloxías moluscos e peixes
- ✓ Control contaminación microbiolóxica moluscos e peixes
- ✓ Proxectos europeos
- ✓ Outras

Os gastos activados como Gastos de I+D foron entendidos como inversións en gastos de investigación e desenvolvemento pola actividade do centro.

A entidade procedeu á regularización da totalidade dos gastos de I+D activados no ano a través da amortización da totalidade dos mesmos no exercicio, empregando contas de gastos correntes (servizos exteriores).

A Entidade amortiza o seu inmovilizado inmaterial seguindo o método lineal, distribuindo o custo dos activos entre os anos de vida útil estimada, segundo o seguinte detalle:

	Coeficiente Amortización
Aplicacións informáticas	25%
Gastos de I+D (investimentos de carácter inmaterial)	100% (*)

(*) Amortízase totalmente no exercicio, en contas de gastos correntes (servizos exteriores).

O cargo á Conta de Perdas e Ganancias do exercicio 2025 e 2024 por Amortización de Inmovilizado Inmaterial ascendeu a 333.118,17 € e a 454.269,81 €, respectivamente.

e.2.) Inmovilizacións materiais

Os bens comprendidos no inmovilizado material figuran valorados ao prezo de adquisición ou ao custo de produción, tendo en conta as correccións valorativas que deben efectuarse.

Dentro destes custos considéranse todos os gastos adicionais producidos ata a posta en funcionamento do ben, excluindo os gastos financeiros



xirados polos provedores ou os devengados por créditos destinados exclusivamente á súa adquisición ou obtención. Tamén se inclúe no custo de adquisición os impostos indirectos que gravan o ben e non sexan recuperables pola Administración.

Cando se trata de bens adquiridos a título gratuito ou que foran recibidos en cesión considerárase como prezo de adquisición o valor neto dos mesmos no momento da incorporación patrimonial, isto é, o valor asignado polo ente cedente, con contrapartida na conta "Patrimonio recibido en cesión" do balance de situación.

No caso de bens recibidos en adscrición, tómase como prezo de adquisición o valor neto dos mesmos na contabilidade do adscrinte no momento da adscrición, este é o valor asignado polo ente adscrinte, con contrapartida na conta "Patrimonio recibido en adscrición" do balance de situación.

Na reversión de bens cedidos, a entidade cedente dará de alta os mesmos polo valor que figurara no seu inventario no momento da cesión, procedendo a continuación a reflectir as posibles diferenzas de acordo co verdadeiro estado dos bens revertidos.

Na reincorporación de bens adscritos, a entidade adscrinte dará de alta os mesmos polo valor neto que figura na contabilidade do ente beneficiario nese mesmo momento, procedendo, polo tanto, a reflectir as posibles diferenzas.

As diferenzas ás que se fai referencia nos dous parágrafos anteriores considéranse resultados do exercicio no que se produzan.

Incorporárase ao valor do inmovilizado correspondente o importe das inversións adicionais ou complementarias que se realicen, valorándose estas de acordo cos criterios establecidos anteriormente.

Os custos de renovación, ampliación, mellora ou grandes reparacións dos bens que supoñen un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, se inclúen no inmovilizado, previa eliminación do mesmo dos bens substituídos ou reformados, sempre e cando sexa posible coñecer ou estimar razoablemente o valor neto dos elementos substituídos que deban ser dados de baixa do inventario.

As reparacións que non representen unha ampliación da vida útil e os gastos de mantemento son cargados directamente nas respectivas contas de gastos do exercicio.



Corrección do valor de inmovilizado material:

En todos os casos se deducen as amortizacións practicadas, que se han de establecer sistemáticamente en función da vida útil dos bens, atendendo á depreciación que normalmente sufran polo seu funcionamento, uso e desfrute, sen prexuízo de considerar tamén as obsolescencias que puideran afectalos.

O inmovilizado material amortízase seguindo o método lineal, estimando un valor residual nulo, distribuindo o custo dos activos entre os anos de vida útil estimada, segundo os seguintes coeficientes de amortización aplicados en relación aos bens:

		<u>Porcentaxes amortización</u>	
		<u>2025</u>	<u>2024</u>
Construcións		3%	3%
Instalacións técnicas	e	10% y 12%	10% y 12%
Máquinaria			
Mobiliario		10%	10%
Equipos Procesos Información		25%	25%
Elementos de transporte		10%	10%
Outro Inmovilizado		10%	10%

O cargo á conta de resultados do exercicio 2025 e 2024 por Amortización de Inmovilizado Material ascendeu a 448.074,51 € e a 438.476,88 €, respectivamente.

Pola depreciación duradeira que non se considera definitiva dótase unha provisión pola diferenza entre o valor contable do ben e o seu valor de mercado estimado. Esta provisión deducirase igualmente a efectos de establecer a valoración do ben do que se trate. Neste caso non se manterá a valoración inferior se as causas que motivaron a corrección de valor houbesen deixado de existir.

Cando a depreciación dos bens é irreversible e distinta da amortización sistemática, contabilízase directamente a perda e a diminución de valor do ben correspondente.

e.3.) Existencias

O Instituto non rexistra ao peche do exercicio existencias, posto que considera que os materiais de laboratorio e material de oficina comprados no exercicio son consumidos no mesmo. O efecto que tería na conta de resultados e no balance do exercicio a consideración de ditos materiais que figuraran ao peche como existencias carece de importancia relativa.



e.4.) Créditos e demais dereitos a cobrar non orzamentarios.

Rexistraranse polo importe entregado. No caso de créditos, a diferenza entre dito importe e o nominal dos créditos deberá computarse como ingreso por intereses no exercicio no que se devindiquen, seguindo un criterio financeiro e recoñecéndose o crédito por intereses no activo.

Os créditos por venda de inmovilizado valoraranse polo prezo de venda, excluídos en todo caso os intereses incorporados ao nominal do crédito, os cales serán imputados como se indica no parágrafo anterior.

Os intereses devengados e non vencidos figurarán en contas de crédito do grupo 2 ao 5 en función do seu vencemento.

Rexistraranse en ditas partidas de crédito os intereses implícitos que se devenguen, con arranxo a un criterio financeiro, con posterioridade á data de adquisición dos valores negociables.

Deberán practicarse as correccións de valor que procedan, dotándose, no seu caso, as correspondentes provisións, para reflectir as posibles insolvencias que se presenten con respecto ao cobro dos activos de que se trate.

e.5.) Débedas e demais obrigas non orzamentarias.

Figurarán no balance polo seu valor de reembolso. No seu caso, a diferenza entre dito valor e a cantidade recibida figurará separadamente no activo do balance; tal diferenza debe imputarse anualmente a resultados nas cantidades que corresponda de acordo cun criterio financeiro.

As débedas por compra de inmovilizado valoraranse polo seu nominal. Os intereses incorporados ao nominal, excluídos os que se integraran no valor do inmovilizado, figurarán separadamente no activo do balance, imputándose anualmente a resultados nas cantidades que corresponda de acordo cun criterio financeiro.

e.6.) Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigas orzamentarias.

Os dereitos a cobrar orzamentarios figurarán polo importe a percibir.

Os dereitos a cobrar procedentes de ingresos de Dereito Público valoraranse polo importe determinado no acto de liquidación que os xere, tanto procedan de ingresos sen contraprestación e de exacción obrigatoria,



como de prestacións de servizos, realización de actividades e utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público.

Os dereitos de cobro derivados da venda de bens conceptuados como existencias haberán de rexistrarse polo importe da contraprestación a percibir pola venda, sen incluír os impostos legalmente repercutibles, nin os gastos satisfeitos por conta do debedor, os cales integraranse en outras contas a cobrar non orzamentarias.

Os dereitos de cobro derivados doutras prestacións de servizos e cesións de bens patrimoniais, efectuadas en réxime de Dereito Privado, rexistraranse polo importe da contraprestación a percibir polos mesmos, seguindo os mesmos criterios que no parágrafo anterior, en canto aos impostos legalmente repercutibles e os gastos satisfeitos por conta do debedor.

Os dereitos de cobro derivados da emisión de pasivos financeiros rexistraranse polo importe a percibir no momento da emisión.

Deberán realizarse as correccións valorativas que procedan, dotándose, no seu caso, as provisións que reflectan o risco de insolvencia con respecto ao cobro dos dereitos de que se trate.

As obrigas orzamentarias figurarán polo importe a satisfacer. Dito valor, que debe considerarse como a cantidade a pagar no momento do seu vencemento, estará formado polo principal da débeda máis, no seu caso, as retribucións implícitas que se puideran pactar no financiamento da operación.

No caso de obrigas por compra de existencias ou de servizos figurarán polo importe da contraprestación a realizar. Tal importe non comprenderá os impostos legalmente deducibles, que se rexistrarán en contas a pagar non orzamentarias.

e.7.) Ingresos e gastos

A imputación temporal de ingresos e gastos efectúase en función da corrente real de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento impútanse, cando de acordo co procedemento establecido en cada caso, se diten os correspondentes actos administrativos. Non obstante, ao peche do exercicio aínda que non se ditasen os correspondentes actos



administrativos recoñécense na conta de resultados económico-patrimonial e no estado de execución do orzamento os gastos efectivamente incorridos ata dita data.

No caso das subvencións concedidas polo Instituto, os gastos derivados delas recoñécense no momento en que se recibe unha solicitude de cobro por parte do interesado sempre que nela se inclúa a totalidade da documentación que se lle require na resolución de concesión da subvención.

	CAPÍTULO VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	1.826.897,06	1.176.824,74	650.072,32
	TOTAL	0,00	5.367.015,06	4.711.421,82	655.593,24

Non existen compromisos incorporados de orzamentos pechados.

6.9. Desenvolvemento dos compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores

Non existen compromisos de ingresos con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.

NOTA 7.- Gastos con financiamento afectado

CONTAS ANUAIS. EXERCICIO 2025



O Instituto ao peche do exercicio 2025 non presenta gastos con financiamento afectado.

NOTA 8.- Información sobre o inmovilizado non financeiro

8.1. Inmovilizado inmaterial

Os importes e variacións experimentados durante o exercicio polas partidas que compoñen o inmovilizado inmaterial son as seguintes:

CONCEPTO	SALDO I NI CI AL	ADI CI ONS	BAI XAS	SALDO FI NAL
Gastos I +D	437. 421, 75	310. 820, 07	437. 421, 75	310. 820, 07
Apl i caci óns I nformáti cas	543. 892, 07	114. 773, 11	0, 00	658. 665, 18
TOTAL	981. 313, 82	425. 593, 18	437. 421, 75	969. 485, 25

Os investimentos do exercicio son debidos ás adquisicións de activos novos en:

- Gastos de I+D (gastos acometidos polo Instituto na execución de programas e actividades de diversas partidas orzamentarias do capítulo VI).

Trátase de gastos asociados ao funcionamento operativo dos servizos prestados polo Instituto e outros, activados como Gastos de I+D por importe total de 310.820,07 €, referidos ás redes de mostraxe, control de calidade, etc. (actividades reorganizadas polo Instituto por potestade administrativa ou pola realización de proxectos; *ver nota 1.e.1) da Memoria*).

O mencionado importe está motivado polo rexistro orzamentario dos gastos dentro do capítulo 6 "investimentos reais", basicamente coma gastos de capital de carácter inmaterial (partida orzamentaria 640 do capítulo 6 do orzamento de gastos).

A entidade procedeu á regularización da totalidade dos gastos de I+D activados no ano, amortizando a totalidade dos mesmos no exercicio, e empregando contas de gastos correntes (servizos exteriores).

As baixas do exercicio son debidas á regularización dos gastos de I+D totalmente amortizados e que foran activados no exercicio 2024. Dita regularización non supuxo ningún resultado extraordinario.

AMORTI ZACI ON ACUMJLADA DE	SALDO I NI CI AL	AUMENTOS	DI SM NUC.	SALDO FI NAL	NETO AMORTI ZACI ON
Gastos de I +D	437. 421, 75	310. 820, 07	437. 421, 75	310. 820, 07	0, 00
Apl i caci óns I nformáti cas	481. 057, 92	22. 298, 10	0, 00	503. 356, 02	155. 309, 16
TOTAL	918. 479, 67	333. 118, 17	437. 421, 75	814. 176, 09	155. 309, 16



Os aumentos do exercicio débense ás dotacións de amortización por depreciación efectiva dos bens en funcionamento do exercicio 2025, por importe total de 333.118,17 €. A imputación a resultados efectúase por importe de:

- ✓ 22.298,10.-€ no epígrafe A.1.c) *Dotación para amortizacións de inmovilizado*, pola depreciación efectiva das aplicacións informáticas, e
- ✓ 310.820,07.-€ no epígrafe A.1.e.1) *Servizos exteriores*, pola regularización dos gastos de I+D activados no exercicio e relativos a diversos programas anuais do centro.

Presentan todos eles a cualificación xurídica de Patrimoniais, sendo a súa situación a de elementos propios adquiridos polo Instituto. Ao peche do exercicio non existen bens recibidos en adscrición ou en cesión.

Non existen bens contabilizados nesta área adquiridos en réxime de arrendamento financeiro.

Todas as inmovilizacións inmateriais atópanse no domicilio social do Instituto, estando todas elas afectas á xestión e en uso por parte do centro.

Todos os investimentos inmateriais figuran en funcionamento, non existindo elementos en curso.

As inmovilizacións inmateriais que figuran totalmente amortizadas ao peche do exercicio son:

Concepto	Importe
Gastos de I+D	310. 820, 07
Aplicacións Informáticas	471. 910, 45
TOTAL	782. 730, 52



8.2. Inmobilizado material

Os importes e variacións experimentados durante o exercicio polas partidas que compoñen o inmobilizado material son as seguintes:

CONCEPTO	SALDO I NI CI AL	ADI CI ONS	BAI XAS	SALDO FI NAL
Terreos e bens naturais	4.064,60	0,00	0,00	4.064,60
Edificios e construcións (*)	3.644.092,40	0,00	0,00	3.644.092,40
Maquinaria e utillaxe	4.705.595,14	445.698,84	0,00	5.151.293,98
Mobiliario	399.311,52	0,00	0,00	399.311,52
Eq. Procesos Información	705.224,54	4.396,72	0,00	709.621,26
Elementos de Transporte	133.292,42	0,00	0,00	133.292,42
Outro Inmobilizado	285.186,85	0,00	0,00	285.186,85
TOTAL	9.876.767,47	450.095,56	0,00	10.326.863,03

(*) O edificio entra en funcionamento no mes de novembro de 2008 (primeira fase; valor contable 2.447.941,04 euros) e no mes de agosto de 2009 (valor contable 509.074,14 €). A urbanización exterior, que figura rexistrada dentro das construcións por valor contable de 485.797,38 € entra en funcionamento no mes de xaneiro de 2011. O resto dos importes que figuran en construcións son reformas ou outros que entraron en funcionamento ao longo do exercicio 2009, 2010, 2011 e 2013.

Os investimentos do exercicio son por mor da adquisición de activos novos. Trátase basicamente da adquisición de maquinaria e outros.

AMORTI ZACI ON ACUMULADA DE	SALDO I NI CI AL	ALTAS	BAI XAS	SALDO FI NAL	NETO AMORTI ZACI ON
Terreos e bens naturais	0,00	0,00	0,00	0,00	4.064,60
Edificios e construcións	1.735.729,07	128.093,23	0,00	1.863.822,31	1.780.270,09
Maquinaria e utillaxe	3.980.153,73	283.179,12	0,00	4.263.332,85	887.961,13
Mobiliario	337.950,03	10.748,12	0,00	348.698,15	50.613,37
Eq. Procesos Información	701.745,65	13.243,94	0,00	714.989,59	-5.368,33
Elementos de Transporte	116.289,26	1.794,15	0,00	118.083,41	15.209,01
Outro Inmobilizado	233.771,64	11.015,95	0,00	244.787,59	40.399,26
TOTAL	7.105.639,39	448.074,51	0,00	7.553.713,90	2.773.149,13

Os aumentos do exercicio débense ás dotacións de amortización por depreciación efectiva dos bens do exercicio 2025, por importe total de 448.074,51-€.

Ao peche do exercicio existen bens rexistrados na contabilidade e que figuran totalmente amortizados. Trátase de:

Concepto	Importe
Edificios e construcións	60.967,22
Maquinaria	3.354.693,28
Mobiliario	294.505,07
Eq. Procesos Información	684.584,43
Elementos de transporte	118.060,01
Outro inmobilizado	186.465,75
TOTAL	4.699.275,77



Os bens son de libre disposición, non estando afectados por cargas de ningún tipo.

No existen compromisos adquiridos e opcións de compravenda.

Todas as inmovilizacións materiais atópanse no domicilio social do Instituto, agás os investimentos en radares e boias. Todas as inmovilizacións materiais están afectadas á xestión e en uso por parte do centro.

A cualificación xurídica dos bens materiais é Patrimonial, pero a situación dos elementos rexistrados polo Instituto (adquirido polo Instituto, recibido en adscrición e recibido en cesión propiedade), distribúese segundo o seguinte cadro:

Ti po de si tu a c i ó n	Val or ao peche	A. A.	V. N. C.
Patrimoni o propi o Intecmar	9. 796. 093, 03	7. 272. 858, 98	2. 523. 234, 05
Reci bi dos en Adscrición	515. 270, 00	265. 354, 92	249. 915, 08
Reci bi dos en cesi ó n propi edade	15. 500, 00	15. 500, 00	0, 00
TOTAL	10. 326. 863, 03	7. 553. 713, 90	2. 773. 149, 13

De acordo coa lexislación aplicable de creación do Instituto e segundo as Actas de entrega de bens en adscrición asinadas o 14 de xuño de 2005 e de bens en cesión de propiedade o 23 de novembro de 2005, existen bens materiais, tanto inmoes como moes recibidos en réxime de adscrición e en réxime de cesión.

Bens recibidos en adscrición:

De acordo coa Acta de entrega asinada o 14 de xuño de 2005 tódolos bens inmoes e moes que a dita data estaban adscritos ao antigo Centro de Control do Medio Mariño (CCMM) pasan a INTECMAR como bens recibidos en adscrición. A relación valorada de ditos é:

- ✓ Edificio antigo CCMM: Non coñecida
- ✓ Maquinaria, aparellos, mobiliario que había no edificio: Non coñecida
- ✓ Vehículos adscritos ao CCMM: 6.800 €
- ✓ Ampliación edificio para novos laboratorios: 515.270 €

O Instituto non dispón da valoración total dos bens que se entregaron, recoñecendo contablemente os bens con valoración coñecida e o patrimonio correspondente, que ascenderon a un total de 522.070 €, segundo a relación anterior.

Na Nota de Fondos propios detállase con maior precisión o patrimonio recibido en adscrición (Ver nota 10 da Memoria).

Durante os exercicios 2007, 2015 e 2022 prodúcese baixas dos vehículos recibidos en adscrición, sendo devoltos á Consellería do Mar por importe total



de 6.800€, por lo que o valor dos bens recibidos en adscrición ao 31 de decembro de 2025 ascende a 515.270€.

Bens recibidos en cesión de propiedade:

De acordo coa Acta de entrega asinada o 23 de novembro de 2005 entrégase a cesión en propiedade de dous vehículos adquiridos pola antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, cuxos expedientes de tramitación foran iniciados con anterioridade á entrega en adscrición arriba mencionada de todos os bens do antigo CCMM, e que polo tanto non figuraban na devandita entrega. O importe total dos vehículos valorados é de 30.000 €, recoñecidos como elementos de transporte e como patrimonio en cesión (ver nota 10 da Memoria).

INMOBILIZADO MATERIAL EN CURSO

Durante o exercicio non houbo inmovilizado material en curso. Tódolos investimentos do exercicio entraron en funcionamento no propio ano 2025, motivo polo que non existen inmovilizacións en curso.

8.3. Inversións xestionadas para outros entes públicos

Non existen investimentos xestionados para outros entes públicos.

8.4. Inversións destinadas ao uso xeral.

Enténdese por investimento destinado ao uso xeral aquelas inversións que se poñen a disposición dos cidadáns, constituíndo, deste xeito, unha transferencia á sociedade.

Deben cumprir unha serie de características:

- Estar incluídos no dominio público.
- De tratarse de bens destinados ao uso xeral, deben depender xuridicamente da tutela do suxeito contable.
- De tratarse de infraestruturas, deben ter sido feitas cargo aos respectivos Orzamentos ou, ter sido recibidas de outro suxeito público ou privado.
- Ter unha vida útil que trascenda dun exercicio económico.
- Ser utilizables directamente pola xenerosidade dos cidadáns, sen máis restricións que as derivadas da política administrativa.



No Instituto non existen investimentos destinados ao uso xeral, que cumpran tódolos requisitos anteriormente indicados.

NOTA 9.- Debedores e acredores non orzamentarios

9.1. Debedores non orzamentario

Non existen importes por Debedores non orzamentarios no Activo do balance ao peche do exercicio.

9.2. Acredores non orzamentarios

- O saldo acredor do epígrafe *D.III.4. Administraciones Públicas* do Pasivo do Balance por importe de 183.837,72 € débese:
 - ✓ a débeda coa Axencia Tributaria polas retencións do IRPF efectuadas no último trimestre do ano por importe de 118.255,35 €,
 - ✓ e a débeda coa Seguridade Social por importe de 65.582,37 € pola liquidación do TC's de decembro do 2025.

9.3. Investimentos financeiros temporais

Ao peche do exercicio no existen investimentos financeiros temporais.

NOTA 10.- Fondos propios

O importe e os movementos nas contas de Fondos Propios durante o exercicio rematado a 31 de decembro de 2025 son os seguintes:

CONCEPTO	Sal do I n i c i a l	Aumentos	Di m i n u c .	Sal do F i n a l
Patrimoni o	4. 406. 273, 58	484. 351, 01	0, 00	4. 890. 624, 59
Patrimoni o reci bi do en Adscripción	515. 270, 00	0, 00	0, 00	515. 270, 00
Patrimoni o reci bi do en Cesión	15. 500, 00	0, 00	0, 00	15. 500, 00
Resultados posi ti vos de ex. anteriores	14. 500, 00	0, 00	0, 00	14. 500, 00
Resultado do Exercicio	484. 351, 01	201. 450, 82	484. 351, 01	201. 450, 82
TOTAL	5. 435. 894, 59	685. 801, 83	484. 351, 01	5. 637. 345, 41



As variacións do exercicio nas partidas dos fondos propios débense a:

- Resultado positivo do exercicio polo importe de 201.450,82 €.
- Distribución do resultado positivo do exercicio anterior por importe de 484.351,01 € que se incorporou ao patrimonio.

10.1 Patrimonio recibido en Adscripción

A Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e o Decreto 41/2005, de 17 de febreiro, de regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, na disposición adicional segunda e no artigo 9 respectivamente, establecen a adscripción ao INTECMAR dos bens inmobles e mobles que ata a data estaban afectos ao Centro de Control do Medio Mariño dentro da antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

O 13 de xuño de 2005 asínase o "Acta de entrega ao Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño de Galicia" dos bens e dereitos adscritos e postos a disposición do INTECMAR, situados no peirao de Vilaxoán, no termo municipal de Vilagarcía, que ata a data estaban afectos ao Centro de Control do Medio Mariño da antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. De acordo coa dita acta de entrega, os bens inmobles e mobles adscribíense ao INTECMAR coa fin da súa xestión e explotación no ámbito das finalidades e funcións legalmente atribuídas.

Polo tanto, o INTECMAR posúe os seguintes bens recibidos na adscripción (ver nota 8.2 da Memoria):

- Edificación do antigo Centro de Control do Medio Mariño, situado no peirao de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, xunto cos bens mobles (relacionados no anexo achegado coa acta de entrega) que o conforman, o mobiliario, e outras pertenzas do edificio.
- Ditos bens (edificio e a súas pertenzas) non se atopan valoradas no acto de entrega nin se puido obter valoración neta á data da entrega en adscripción, polo que non figuran rexistrados no balance de situación. Polo tanto, figuran infravalorados o inmovilizado material e o patrimonio recibido en adscripción no valor de ditos elementos.
- Vehículos que estaban afectos ao Centro de Control do Medio Mariño. Na acta de entrega achégase un inventario de vehículos entregados en adscripción, valorados a dita data por importe total de 6.800 €. Durante



os exercicios 2007, 2015 e 2022 produciuse, previa autorización, a venda dos vehículos cuxo valor ascendía a 6.800€ e 3.800 €.

- Edificación de ampliación para novos laboratorios, situado no peirao de Vilaxoán, no municipio de Vilagarcía de Arousa.
- O valor de dita construción non se atopa na acta de entrega, pero o INTECMAR coñece o importe da certificación de obra, a orixe, e que polo tanto, conforma o valor da construción.

A certificación da construción recoñecida pola antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (Centro de Control do Medio Mariño) no ano 2004, que ascendeu a un total de 515.270 €, é o que conforma o valor da Edificación en curso de ampliación para novos laboratorios, como bens recibidos na adscrición.

10.2 Patrimonio recibido en cesión

A antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, antes da acta de entrega en adscrición asinada o 13 de xuño de 2005, comezara a tramitación da compra de dous vehículos novos para o Centro de Control do Medio Mariño. A entrega definitiva dos vehículos foi con data do 6 de xullo de 2005, polo que estes non se incluíron na acta de entrega en adscrición antes mencionada. Polo tanto, a antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, decidiu iniciar expedientes de cesión dos devanditos vehículos, posto que xa foran adquiridos para o cumprimento dos fins e funcións do INTECMAR. (Ver nota 8.2 da Memoria).

O 23 de novembro de 2005, asínase a Acta de cesión en propiedade de bens mobles, tras a "Orde de 2 de novembro de 2005 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pola que se acorda a cesión en propiedade de determinados bens mobles patrimoniais adscritos á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (DOG 224 de 22 de novembro de 2005)". Os bens mobles incluídos na acta de cesión eran dous vehículos, valorados en 30.000 €.

Durante o exercicio 2022, produciuse, previa autorización, a entrega á Consellería dun dos vehículos por importe de 14.500 €. Polo tanto, a relación e importe dos elementos de transporte recibidos en cesión que figuran ao peche do exercicio 2025 é a seguinte:

MARCA	MATRÍCULA	DATA ADQUISICIÓN	VALOR
CITROËN C4 HDI SX	8051-DLZ	24/06/2005	15.500
			15.500



NOTA 11.-Situación fiscal

11.1 Imposto sobre beneficios

Da acordo coa Lei 3/2004 do 7 de xuño de creación de INTECMAR, este someterá a súa actividade ao dereito privado, salvo cando exercite potestades administrativas ou nos casos establecidos na devandita lei ou noutras disposicións legais. Así mesmo, de acordo coa Lei do Imposto de Sociedades, só tributarían aquelas rendas derivadas de actividades económicas ou mercantís, a condición de que non presenten exención.

O artigo 12 da Lei 3/2004 de creación, sobre o réxime tributario, estipula que o Instituto queda sometido ao mesmo réxime tributario que lle corresponde á Xunta de Galicia.

Durante o exercicio 2025, o Instituto non recibiu rendas que deriven dunha actividade mercantil ou económica, e que polo tanto, sexan rendas suxeitas e non exentas do Imposto de sociedades.

11.2 Imposto sobre o valor engadido

No exercicio 2025, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, non se emitiu facturación algunha pola que existira devengo de cotas de IVE pola realización de actividades de investigación ou outras. Polo tanto, no exercicio 2025 non se xeraron cotas a pagar ou devolver polo IVE.

11.3. Impostos abertos a inspección

Permanecen abertos á inspección os seguintes impostos para os exercicios mencionados a continuación:

IMPOSTO	EXERCICIO
Imposto sobre o Valor Engadido	2022, 2023, 2024 e 2025
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	2022, 2023, 2024 e 2025
Imposto sobre Sociedades	2021, 2022, 2023 e 2024

As declaracións non poden considerarse definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación por parte das autoridades fiscais e, con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible a interpretacións, a Directora, así como os seus asesores fiscais, estiman que calquera pasivo fiscal adicional que puidera poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo nas Contas Anuais tomadas no seu conxunto.



NOTA 12.- Outra información

12.1 Orzamentos iniciais aprobados para o exercicio 202

A Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, que constitúe o Instituto como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins.

Os orzamentos iniciais aprobados para o exercicio 2025 polo INTECMAR, poden verse na liquidación orzamentaria e na nota 5.1 da Memoria.

12.2 Acredores por gastos do exercicio con volume de operacións relevantes.

No existen acredores relevantes que presentaron operacións no exercicio 2025 con INTECMAR, ben baixo o sistema de contratación ou por adquisicións directas ou por convenios de colaboración, que supuxeron gasto ou investimento do exercicio para o Instituto, cun importe significativo respecto do total do exercicio (gastos e investimentos).

12.3 Avais

A entidade non ten avais formalizados que supoñan garantías comprometidas con terceiros.

12.4 Outra información

- Non constan outros procedementos xudiciais abertos ou iniciados no exercicio.
- Ao 31 de decembro de 2025 a composición do Consello de Administración do INTECMAR é a seguinte:

Cargo	Nome	
PRESIDENTA	Marta Villaverde Acuña	Conselleiro do Mar
VICEPRESIDENTA	M. Covadonga Salgado Blanco	Directora do Intecmar
SECRETARIO	Cándido Rial Rodríguez	Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
VOGAL	Marta Barreiro Casto	Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar
VOGAL	Ángeles Vázquez Suárez	Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
VOGAL	Rosa Chapela Pérez	Directora Xerente da Fundación Cetmar
VOGAL	Juan Carlos Codesido Vilar	Subdirector Xeral de Gardacostas de Galicia
VOGAL	Alberto Gómez Mella	Representante dos traballadores do Intecmar



DOG número 20, do 30 de xaneiro de 2025, publicou a Orde do 21 de xaneiro de 2025 da Consellería do Mar que dispón os ceses de Antonio Basanta Fernández como secretario do Consello de Administración do INTECMAR e dispón o nomeamento de Patricia García Sánchez como secretaria deste Consello.

DOG número 121, do 26 de xuño de 2025, publicou a Orde do 18 de xuño de 2025 da Consellería do Mar que dispón os ceses de Marta Villaverde Acuña e Patricia García Sánchez como vogal e secretaria do Consello de Administración do INTECMAR e dispón os nomeamentos de Ángeles Vázquez Suárez e Cándido Rial Rodríguez nos ditos postos.

DOG número 202 do 20 de outubro de 2025, publicou a Orde do 13 de outubro de 2025 da Consellería do Mar que dispón o cese de Lino Sexto Bermúdez como vogal do Consello de Administración do INTECMAR e dispón o nomeamento de Juan Carlos Codesido Vilar como vogal do INTECMAR.

- Perdas e gastos extraordinarios:

Durante o exercicio 2025 non houbo perdas e gastos extraordinarios.

12.5 Feitos posteriores

Non hai feitos posteriores que revelen circunstancias que xa existían na data de peche do ano e que, por aplicación da norma de rexistro e valoración, impliquen a inclusión dun axuste nas cifras que compoñen as Contas Anuais.

12.6 Información sobre os aprazamentos de pago efectuados a provedores. Disposición Adicional Terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de xullo

Non existe saldo pendente de pago a provedores ao peche do exercicio 2025 que acumule un adiamento superior ao prazo legal de pago para o sector público. Tampouco existía saldo pendente de pago a provedores ao peche do exercicio 2024 que acumulase un aprazamento superior ao prazo legal de pago para o sector público.

Todos os pagos efectuados no exercicio efectuáronse dentro do prazo legal de pago para o sector público. O volume de pagos obsérvase na nota 4.3 da Memoria, por importe total de 4.463.905,86 € no exercicio 2025.



No exercicio 2024 tódolos pagos efectuados (que ascendían a 4.410.511,35 €) efectuáronse dentro do prazo legal de pago para el sector público.

12.7 Información sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

INTECMAR no dispón de activos, gastos nin subvencións derivadas de "dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro". Non existen continxencias relacionadas con sancións ou medidas de carácter provisional, nos termos previstos na Lei 1/2005.

En Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) a 18 de marzo de 2026 formula as presentes Contas Anuais do exercicio 2025, a Directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR),

María Covadonga Salgado Blanco
Directora do INTECMAR



Anexo

Informe de Xestión



ANEXO.- INFORMACIÓN DE XESTIÓN DO ANO 2025

A Lei 3/2004 de 7 de xuño (DOG núm. 116 do 17 de xuño de 2004), de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en diante, Intecmar), en diante Lei de creación, deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, á creación dun ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que asumiu as competencias atribuídas ao Centro de Control da Calidade do Medio Mariño, integrado con rango de Dirección xeral na actualmente denominada Consellería do Mar. Pola súa banda, o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG núm. 49 do 11 de marzo de 2005) establece o regulamento do Intecmar.

O Intecmar, constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnica científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma Galega.

En consecuencia, ten como obxectivo xeral e prioritario desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

1. COMPETENCIAS

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao Intecmar, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

- a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.



- c) Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.
- d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.

Neste senso, no Decreto 135/2016, do 6 de outubro régulase a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal), e no mesmo se establecen as funcións do Comité Técnico Asesor, do que forma parte persoal técnico de Intecmar. Ademais dentro das Unidades de Apoio encargadas de proporcionar soporte específico tanto ao Centro de Coordinación Operativa (CECOP) como aos diferentes grupos operativos figuran a Unidade de Observación Próxima, cuxa dirección técnica recae nos Xefe/as da Unidade de Modelado Oceanográfico e da Unidade de Documentación e Apoio Científico do Intecmar.

- e) O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do Intecmar, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.
- f) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.
- g) Ao abeiro do disposto no artigo 12.5 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia (LOXILGA) correspóndelle ao Intecmar, "no marco das competencias da comunidade autónoma, o control da calidade do medio mariño, e en particular o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia". A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia nos artigos 12.5 e 64.3, atribúe competencias ao INTECMAR tanto no control da calidade do medio mariño como, en particular, o control do cumprimento dos obxectivos ambientais. Con posterioridade, a disposición adicional quinta da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, atribúe competencias ao INTECMAR en relación aos informes de compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais.

Correspóndenlle ao Intecmar, ademais das potestades administrativas anteriormente establecidas, as seguintes:

- As actividades de asesoría técnico-científica para o coñecemento das características da pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- A elaboración de informes relativos as súas funcións.



- Propoñerlle á Consellería do Mar as modificacións legislativas necesarias para adaptar a lexislación autonómica as novas normativas que apliquen, así como os cambios necesarios para darlles cobertura legal ás novas esixencias que o sistema de control estableza como necesarias.

2. MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS.

Para o desenvolvemento das funcións que ten asignadas, o Intecmar conta con instalacións cunha superficie aproximada de 3.600 m², destinadas na súa meirande parte a laboratorios especializados no seguimento e control.

No que atinxe ao persoal, no ano 2025 prestaron servizos no Intecmar arredor de 89 persoas, que de conformidade co establecido nas Disposicións adicionais e transitorias da Lei de creación do Instituto, son persoal laboral propio do Intecmar e persoal funcionario e laboral da Consellería do Mar.

Prevía solicitude da Dirección do Intecmar e como en anos anteriores, o 20/01/2025 as Direccións Xerais de Orzamentos e Financiamento Autonómico e de Emprego Público e Administración de Persoal, emitiron informe favorable para a contratación temporal de persoal de varias categorías laborais para as substitucións transitorias de persoal, derivadas de incapacidade temporal, vacacións ou permisos. Ao abeiro desta autorización formalizáronse 10 contratacións de persoal laboral temporal en substitución dos titulares dos postos, por vacacións, permisos ou incapacidade temporal (7 de persoal do Intecmar e 3 persoal de Xunta) coas categorías de xefe de unidade, analistas e auxiliares de laboratorio.

Contando coas autorizacións preceptivas, contratouse persoal laboral temporal para cubrir 4 postos vacantes ata a cobertura definitiva destes, nas categorías de analista de laboratorio, auxiliar de laboratorio e auxiliar administrativo.

A través dos procesos selectivos convocados para a contratación de persoal laboral fixo do Intecmar, formalizáronse os contratos dun Titulado superior en Química para a Unidade de Biotoxinas en unha xefa da Unidade de Microbioloxía e Viroloxía.

3. FEITOS SALIENTABLES NO ANO 2025

- En canto á execución do orzamento, o Intecmar contaba cun crédito inicial para o ano 2025 de 5.342.816 € recollido na Lei 4/2024, do 27 de decembro de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025, ao longo do ano aprobáronse modificacións de crédito por importe total de 24.199,06 €, de xeito que o crédito definitivo ascende a 5.367.015,06 €.
- No eido da acreditación, no mes de abril de 2025 levouse a cabo unha auditoría de seguimento con solicitude de ampliación de alcance, tras a auditoría de re-avaliación do



2024 por parte da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC). O Acordo da Comisión de Acreditación de ENAC dispón manter e ampliar o alcance da acreditación nos termos que recolle o Anexo Técnico revisión 28, quedando fixada a próxima visita de seguimento para o mes de xuño de 2026.

- Levouse a cabo unha auditoría interna anual por parte da empresa externa ASECAL S.L. no mes de novembro de 2025, na que soamente se detectou una desviación.

4. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2026

As principais liñas de acción de INTECMAR no ano 2026 son as seguintes:

- Control da calidade do medio mariño:
 - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto ás condicións oceanográficas e á bioxeoquímica mariña.
 - Aplicar a normativa vixente sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, en concreto no desenvolvemento dos seguintes programas:
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto ás biotoxinas mariñas.
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos).
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación microbiolóxica.
 - Programa de control da calidade do medio mariño en canto ao fitoplancto.
 - Desenvolvemento do programa de control zosanitario: control patolóxico de moluscos.
 - Apoio ao desenvolvemento da rede de oceanografía operacional en Galicia nas súas vertentes de observación, predición e diseminación de datos oceanográficos.
 - Proporcionar ao Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia a información oceanográfica rexistrada nas redes de observación do Intecmar.
 - Adecuación e asunción de novos cometidos que se lle poidan encomendar no eido das súas competencias e labores.
- Plan territorial de continxencias e loita contra a contaminación mariña accidental:
 - Dar cumprimento ás asignacións que o Plan Territorial de Continxencias pola contaminación mariña en Galicia reflicte para INTECMAR. (Decreto 135/2016, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia).
 - Revisión e actualización dos capítulos do Plan Camgal.



- Revisión de plans de continxencia interiores e locais.
- Exercicio das funcións derivadas da designación do Intecmar, mediante resolución da Dirección Executiva de AESAN, como Laboratorio Nacional de Referencia para Toxinas Mariñas, asumindo as funcións como laboratorio Nacional que se describen no Artigo 101 do regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento.
- Exercicio das funcións necesarias para o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia, atribuídas ao INTECMAR pola Lei 4/2023, do 6 de xullo, de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia (LOXILGA).
- Outras liñas de acción:
 - Continuarase a colaboración con Augas de Galicia para un mellor coñecemento da incidencia dos puntos de vertidos que afectan ao litoral na contaminación microbiolóxica das augas para abordar e optimizar as accións de mellora que garantan a calidade das mesmas.
 - Continuarase co traballo, de análise de mostras procedentes doutras Comunidades Autónomas e outros clientes.
 - Levar a cabo o acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Intecmar, en canto á transmisión de información sobre as zonas de produción de moluscos e a realización de análises de biotoxinas mariñas dentro do programa de control de salubridade de moluscos, que a Dirección Xeral de Saúde Pública desenvolve e no marco da Rede Integrada de Laboratorios de Interese en Saúde Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (REDGALICIA) .
 - Continuarase co control técnico-sanitario do sistema de reinstalación para os moluscos bivalvos vivos recollidos nas zonas de produción clasificadas como de clase C.
 - Continuar coa participación nos Grupos de Traballo técnicos tanto a nivel autonómico, nacional e internacional tales como o GT de Desenvolvemento e Tramitación do Regulamento e XIS Corporativo (autonómico), a Comisión Permanente de Laboratorios de AESAN (nacional) ou o grupo ICES-COI sobre dinámica de Floracións de Algas Nocivas (internacional), entre outros
 - Fomentar a observación en tempo real das condicións océano-meteorolóxicas da costa galega a través do fornecemento do Observatorios Costeiro de Galicia, integrado no "Observatorio RAIA"¹¹, co obxectivo de consolidar a oceanografía operacional na marxe Ibérica para axudar, entre outros, ao desenvolvemento de ferramentas para a prevención dos desastres naturais e dos episodios de contaminación.
 - Continuar coa participación en proxectos de investigación de ámbito nacional e internacional.



5. PLAN ESTRATÉGICO GALICIA

O Plan Estratégico de Galicia (PEG) 2022-2030 é froito da análise da situación socioeconómica e territorial, e por tanto dos retos e necesidades da Galicia actual. Esta nova estratexia, se plasma en 5 Eixes, 21 Prioridades de Actuación e 70 Obxectivos estratégicos. A planificación realizada ten en conta, ademais, os escenarios macroeconómico e financeiro previstos, baixo unha serie de parámetros exhaustivos, para os próximos anos, sen os cales non sería posible unha completa e realista planificación. Cada obxectivo estratégico agrupa unha serie de liñas de actuación ou grupos de actividades orientadas á consecución dun resultado esperado. O seguimento dos resultados xerados ao amparo do plan realizarase a través de indicadores: financeiros, de realización e resultado.

Os obxectivos do Intecmar se atopan dentro do eixe prioritario E3-Competitividade e crecemento, no que se atopa a prioridade de actuación PA.05-Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.

Os retos a acadar por Intecmar se inclúen no obxectivo estratégico, E04-Potenciación da xestión sostible, eficiente e competitiva da pesca e a acuicultura.

Asemade o 23.12.2020 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o contrato programa plurianual 2021-2023 do Intecmar. Neste contrato establécese o marco de relacións entre o Intecmar e a Xunta de Galicia e sinálanse os compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución do obxectivo fixado para esta entidade no artigo segundo a Lei de creación, e detállanse unha serie de indicadores que servirán para avaliar a consecución dos obxectivos establecidos.

O contrato programa plurianual 2021-2023 foi prorrogado de ano en ano polo Consello da Xunta por medio de addendas para 2024 e 2025 e, mais recentemente, en sesión celebrada o 29.12.2025 aprobouse a 3ª Addenda pola que se prorroga durante o ano 2026 o contrato programa plurianual 2021-2023 do Intecmar.

Os orzamentos do Intecmar están incluídos dentro do Programa de gasto 541C "Protección e mellora do medio natural marítimo", que comparte con outras seccións da Consellería do Mar, cuxa finalidade se describe de seguido.

O litoral de Galicia ten un grande valor estratégico derivado do feito de albergar espazos de grande importancia ecolóxica, cultural, social e económica.

A utilización intensiva dos espazos costeiros xera unha serie de desequilibrios ambientais que inciden directamente sobre os recursos pesqueiros e consecuentemente sobre a actividade económica e profesional o que depende deles. Isto deriva na necesidade de xestionar de forma coherente a pesca e demais actividades con incidencia no litoral, e de adoptar medidas específicas de protección das especies e hábitats asociados, en especial o control da actividade e a loita contra a contaminación.



Existen factores de risco para a estabilidade do medio mariño, e máis concretamente para a conservación dos recursos de interese pesqueiro, entre os que cobran especial importancia a contaminación das augas e as malas prácticas na actividade extractiva. Por iso resulta imprescindible contar cos suficientes mecanismos de control e prevención que garantan a detección e a reparación de posibles danos.

Así, os principios que inspiran este programa son os seguintes:

- Evitar os danos producidos por episodios de contaminación.
- Prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sustentabilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.
- Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- A recompilación de toda clase de información técnica, científica e operacional, elaborando e mantendo bases de datos ao respecto cara a afondar na observación oceanográfica ao obxecto de proporcionar respostas a situacións de emerxencia no mar (contaminación mariña accidental, seguimento de obxectos á deriva,..).

Actividades vinculadas ao Intecmar:

- Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.
- Aplicación da normativa sobre a calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura (Regulamento UE 2017/625)
- Seguimento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos a explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividades pesqueira, do marisqueo e da acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e dos produtos.
- Transferencias de financiamento da consellería para a actividade do Intecmar.
- Control da calidade do medio mariño, e en particular o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia.



6. ORZAMENTOS PARA O ANO 2026

Os orzamentos do Intecmar para o exercicio 2026 que ascende a 5.535.967 € de importe total, importe que supón un incremento do 3,62% respecto do ano anterior 2025 e un incremento acumulado desde o ano 2013 de 2.907.831 € o 110,6%, destinado a reforzar a labor esencial do Intecmar no control técnico e sanitario dos produtos do mar.

Estes orzamentos foron elaborados atendendo ao disposto na Orde do 23 de xuño de 2025 da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

GASTOS:

Capítulo I de gastos de persoal, elaborado pola Consellería de Facenda e Administración Pública, que representa 51% do orzamento de gastos total, ascende a 2.816.131 € e incrementa un 0,76% respecto do ano 2025.

- Capítulo II, gastos correntes se incrementan nun 1,18% respecto do ano anterior.
- Capítulo VI, de gastos para investimentos ascende o importe total de 1.965.715 €, incrementa nun 9,07%, destinados na meirande parte a dar cumprimento aos obxectivos operativos do centro, en materia de Seguridade Alimentaria, no marco da rede de control e da reposición e actualización de algúns equipos de laboratorio, que se financian con fondos propios libres da Consellería do Mar. As partidas de gasto financiadas con fondos propios libres ascenden a 1.958.264 €, cifra que aumenta nun 14,92€ respecto do ano 2025.

INGRESOS:

Os ingresos do Intecmar que financian os gastos do orzamento en igual importe, proceden:

- 98% (5.435.682 €) de fondos propios a través de transferencias correntes e de capital que a Xunta de Galicia destina ao Intecmar a través da Consellería do Mar, cantidade aumenta nun 6% respecto do ano 2025, e segue a demostrar o gran compromiso que a Xunta de Galicia mantén co Intecmar e co traballo que neste centro se desenvolve.
- 2% restante (100.285 €), proceden da liquidación de taxas públicas por servizos prestados polo Intecmar a outras administracións públicas, dos convenios establecidos con outras institucións e de fondos europeos por participación en proxectos.



Facendo unha análise por capítulos do orzamento de ingresos para o ano 2026 destaca:

- Taxas, prezos, outros ingresos e xuros de contas correntes , ascende a 82.000 €.
- Transferencias correntes ascende a 3.477.418 €, que proceden de fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Transferencias de capital, ascende a 1.958.264 €.
- Ingresos de fondos europeos por participación en proxectos, por importe de 18.285 €.

ORZAMENTOS ANO 2026 INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA - INTECMAR	
ORZAMENTO DE GASTOS- por clasificación orgánica	INICIAL
TOTAL CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	2.816.131
10 - ALTOS CARGOS E DELEGADOS	66.447
13 - LABORAIS	2.103.212
16 - COTAS, PRESTACIÓNS E GASTOS SOCIAIS A CARGO DO EMPREGADOR	646.472
TOTAL CAPÍTULO 2 - GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	754.121
21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	17.680
22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E OUTROS	729.601
23 - INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DO SERVIZO	6.840
TOTAL CAPÍTULO 6 - INVESTIMENTOS REAIS	1.965.715
62 - INVEST. NOVO ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO	842.001
63 - INVEST. DE REPOSICIÓN ASOCIADO AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO	415.800
64 - GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARACTER INMATERIAL	707.914
TOTAL ORZAMENTO GASTOS	5.535.967



ORZAMENTO DE INGRESOS	INICIAL
TOTAL CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS	79.500
30 - TAXAS ADMINISTRATIVAS	34.850
34 - OUTROS INGRESOS TAXAS ADMINISTRATIVAS	44.650
TOTAL CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.488.252
41 - TRANSFERENCIAS CORRENTES DA CAG	3.488.252
00 - FONDOS PROPIOS	3.477.418
99- FONDOS EUROPEOS	10.834
TOTAL CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	2.500
52 - XUROS DE CONTAS CORRENTES	2.500
TOTAL CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.965.715
71 - TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.965.715
00 - FONDOS PROPIOS	1.958.264
99- FONDOS EUROPEOS	7.451
TOTAL ORZAMENTOS INGRESOS	5.535.967

En Vilaxoán-Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) a 18 de marzo de 2026
Mª Covadonga Salgado Blanco
Directora do INTECMAR

